



RESOLUCIÓN DO 3 DE AGOSTO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DO 15 DE XANEIRO DE 2021 (DOG NÚM. 11, DO 19 DE XANEIRO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA, NA ESPECIALIDADE DE CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLÓXICA

Con data 19 de xullo de 2021 publicáronse as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes na convocatoria de data 15 de xaneiro de 2021 (DOG nº 11, do 19 de xaneiro), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área, no relativo á especialidade de Cirurxía Ortopédica e Traumatolóxica.

O día 27 de xullo de 2021 publicáronse as puntuacións definitivas e a resolución de dita convocatoria, fixando, no punto terceiro, o día 1 de agosto de 2021 como data de incorporación. Así mesmo, neste punto terceiro tamén se indicaba que, de non producirse a sinatura e a incorporación efectiva á praza na data ou prazo indicado o/a interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario/a ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

En base ó anteriormente exposto, e dado que o aspirante Amir Ismail Hejazy non asinou o vínculo de interinidade nin se incorporou á praza adxudicada no prazo indicado, esta Xerencia

RESOLVE:

Primeiro.- Adxudicar a **José Luis González-Zabaleta González** o nomeamento como interino en praza vacante no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Segundo.- Adxudicar a **Iván Castro Arias** o nomeamento como interino en praza vacante no Hospital Público de Cee.

Terceiro.- Adxudicar a **Sergio López Alonso** o nomeamento como interino en praza vacante no Hospital Público de Cee.



Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a súa publicación.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee

A Coruña, 3 de agosto de 2021
O Director de RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña, 3 de agosto de 2021
O XERENTE DA ÁREA SANITARIA
DA CORUÑA E CEE

Asdo.- Luis Verde Remeseiro